



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL-A BAIUCA. P.Q. 0+000 - 18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA. TREITO: 0+000 - 9+400.

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU/16/075.10.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 28 de xuño de 2021

Lugo, 10 de xuño de 2021.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LIQUIDACIÓN DA CANTIDADE DE DEPÓSITO PREVIO DOS PREDIOS EXPROPIADOS POLAS OBRAS DE "ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL-A BAIUCA, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000-18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA, TREIRO 0+000-9+400"

CLAVE LU/16/075.10.1

CONCELLO DE FRIOL

LISTADO DE ENDEREZOS

PREDIO/S	TITULAR/ES	ENDEREZOS	CP	POBOACIÓN
43	ABEL VARELA AVELINO JOSE RIVAS VARELA ROSA ISABEL	AV. DE MAGOI Nº51, ESC. 5, 2ºF	27002	LUGO
114, 101	ABELEDOS ABELEDOS JOSE ANTONIO LAMEIRO VARELA MARIA CARMEN	RUA OTERO PEDRAYO PROFESOR Nº44 ESC. 8 2ºD	27003	LUGO
67	ABELEDOS AMIL FE ABELEDOS AMIL MARIA DEL CARMEN	CR. DE HOMBREIRO 132 2º	27004	LUGO
35A	ABELEDOS AMIL JESUSA	AV. DAS AMERICAS Nº5, ESC. 1 7ºE	27004	LUGO
35	ABELEDOS BUJAN VIRTUDES	LG. REBORDELO - PQ. SAN ROMAN	27185	GUNTIN
49	ABELEDOS FRAGA ARTURO FERNANDEZ CABADO CARMEN	C/ AK Nº8	15500	FENE
50	ABUCIDE GARCIA VIRTUDES BUGALLO ABUCIDE MARIA ISABEL BUGALLO REGUEIRO JUAN	LG. PARDELLAS, Nº 10 - SAN MARTIÑO DE CONDES	27235	FRIOL
194	ALVITE VILLAR JOSEFA	RUA AMENEIRO Nº19, ESC. 1 1ºI	27004	LUGO
87, 88, 86, 77, 91	AMIL CASAL JESUS FIDEL	LG. A TORRE Nº1	27220	FRIOL
156, 89, 154, 149, 92	BAAMONDE FERNANDEZ JOSE MANUEL	LG. A TORRE Nº33	27235	FRIOL
14	BLANCO MONTECELOS ROSA-MARIA	C/ BARCELONA Nº10, ESC. 1 5ºDER	15010	A CORUÑA

101A, 94	BLANCO NEIRA ANGEL ANTONIO	LG. CONDES Nº14	27235	FRIOL
4	BLANCO VARELA JOSE ANTONIO	LG. MACEDO Nº8	27235	FRIOL
5	BLANCO VARELA MARINA	C/ QUIROGA Nº1, ESC. 1 1ª	27004	LUGO
53, 54	BUSTO SAAVEDRA JOSE DICTINO BUSTO SAAVEDRA ANGEL BUSTO SAAVEDRA JOSE ANTONIO	LG. AS PARDELLAS	27235	FRIOL
69, 77A	CASA BERTOLO S.C.	LUGAR MACEDO Nº2	27220	FRIOL
87A	CASAL ARES CARMEN AMIL AYUDE PEDRO	LG. TORRE - CONDES, Nº1	27235	FRIOL
183, 178, 196, 181, 176	CASAL PENA JUAN CARLOS	LG. VILAR - SAN CIBRAO Nº1	27235	FRIOL
127, 165, 142	CESTEROS PEREZ CARLOS RODRIGUEZ COBAS ANGELINES	LG. XUL - CONDES	27235	FRIOL
7	DABLANCA IGLESIAS MARIA FINA	LG. A FONTE DO CAN, Nº2	27235	FRIOL
20	DABLANCA PENIN JULIO	PQ. CONDES	27220	FRIOL
172	DESCOÑECIDO			
15	DIAZ SEREN AMELIA (HEREDEROS DE)	LG. SAN JULIAN Nº17	27220	LUGO
16	DIAZ SEREN MARIA ESTRELLA	C/ SAN PEDRO DE VILLALVITE	27220	FRIOL
24, 185	EN INVESTIGACION ARTICULO 47 LEI 33/2003	RUA DO TEATRO Nº4	27001	LUGO
42	FERNANDEZ ASCARIZ JOSE BALBINO	LG. AS PARDELLAS Nº3	27235	FRIOL
51	FERNANDEZ CABADO CARMEN	C/ AK Nº8	15500	FENE
52	FERNANDEZ CABADO CONSTANTINO	SAN XIAO DE FRIOL, Nº 7	27220	FRIOL
72, 71A, 68, 68A, 68B	FERNANDEZ CABADO JOSE VIÑA GARCIA MARIA DE LOS ANGELES	LG. AS PARDELLAS Nº51	27235	FRIOL
70	FERNANDEZ CABADO JOSE	LG. AS PARDELLAS Nº51	27235	FRIOL
2	FERNANDEZ FERNANDEZ MARIA JOSEFA RIVAS FERNANDEZ JOSE LUIS	LG. CAMPO DA TORRE, Nº 20	27220	FRIOL
44	FERNANDEZ LAMELA FE	RÚA CASTIRO, Nº 30	27004	LUGO
29, 30	FRAGA CORREDOIRA JOSE RAMON	C/ DOS CASTELOS, Nº 1	27220	FRIOL
27	FRAGA CORREDOIRA JOSE RAMON SANCHEZ CASTRO JOSEFA	C/ DOS CASTELOS, Nº 1	27220	FRIOL
81	FRANCO ADAN TERESA	LG. A TORRE Nº6	27235	FRIOL
82	FRANCO FRAGA MARIA	C/ TUNEL DE OURAL Nº 1 2º	27003	LUGO
175, 186	GARCIA BARBA ELENA	FONTEDELO SAN CIBRAO Nº4	27235	FRIOL
191	GARCIA COBAS CONSTANTINO	RUA OTERO PEDRAYO PROFESOR Nº33 ESC. 1 2ºH	27003	LUGO
8	GIL RODRÍGUEZ MARIA FE	C/ MANUEL M. DARRIBA, Nº 8	27377	COSPEITO
179, 180	GOMEZ GARCIA JULIO GARCIA GANDOY ARSENIA	SANTA ISABEL, C/ 4, Nº 8	27150	OUTEIRO DE REI
184	GOMEZ GARCIA JULIO	SANTA ISABEL, C/ 4, Nº 8	27150	OUTEIRO DE REI
25, 6	GRANDE GIL ANA MARIA	AVDA. DE SANTIAGO, Nº 4	27220	LUGO
83	GRANDIO CABO JESUS CABO BARREIRO CARMEN	C/ GRUPO PESCADORES JUSTO BARREIRO Nº7 ESC. 1, 3ª	27700	RIBADEO

71B	GRANDIO CABO JOSE ANTONIO CABO BARREIRO CARMEN	RUA SAN ROQUE Nº4, ESC. 1, 4ºC	27002	LUGO
71	GRANDIO CABO MARIA MANUELA CABO BARREIRO CARMEN	LG. MACEDO Nº5	27235	FRIOL
46	IGLESIAS ESPÍNEIRA HIGINIO PRADO BLANCO CARMEN (HEREDEROS DE)	LG. AS PARDELLAS Nº7	27235	FRIOL
78	IGLESIAS ESPÍNEIRA JOSE MANUEL	LG. A TORRE Nº1	27235	FRIOL
55	IGLESIAS PRADO JOSE LUIS	LG. PARDELLAS Nº7	27235	FRIOL
41, 35B	IGLESIAS ROUCO DANIEL IGLESIAS ESPÍNEIRA JOSEFA	LG. AS PARDELLAS Nº31	27235	FRIOL
108, 106, 107	JUL DARRIBA JOSE MANUEL	RUA FLOR DE MALVA Nº74 ESC. 1, 1ªA	27003	LUGO
97	JUL DARRIBA MARIA PAZ	RUA ALBEDRO Nº15	27003	LUGO
128, 130, 167, 137, 136, 135A	JUL PENA PAZ	C/ ROMPEDIZO Nº5, 2ºB	28004	MADRID
45	LAMELA ASCARIZ FRANCISCO	RUA SANTIAGO Nº110, ESC. 2, 3ºD	27004	LUGO
40	LOPEZ FERNANDEZ NILO JAVIER	LG. CABANA Nº2	27229	FRIOL
193	LOPEZ GARCIA MARIA DE LOS ANGELES	AVDA. DE LA CORUÑA, Nº 187- 189, PORTAL 2, ESC. B, 3º E	27003	LUGO
21	LOPEZ LOPEZ JOSE	LG VIGO SIRGUEIROS	27346	O INICIO
150, 157, 155, 152, 148, 135, 134, 145	LOPEZ NEIRA MARIA LUZ	LG. XUL Nº8	27235	FRIOL
26	LOURES CAMPO MARIA PAZ	LG. CASAS NOITE Nº16	27220	FRIOL
168, 166, 162, 160, 159, 161	MONTE COMUNAL DE CONDES (SAN MARTIÑO)	SAN MARTIÑO DE CONDES Nº 7	27235	FRIOL
76	MORENO PENAS GONZALO MORENO PENAS MARIA CARMEN PENAS SANJURJO MARIA CARMEN	MACEDO Nº2	27265	FRIOL
3	MORENO RODRIGUEZ ANTONIO (HEREDEROS DE)	C/ CASTILLA LA NUEVA, Nº12	48901	BARAKALDO
102	MORENO SIEIRO FIDEL	LG. SAN MARTIÑO DE CONDES	27235	FRIOL
125, 126, 124, 121, 123, 120, 158, 122	MVMC DE CONDES EXP. 74/78	LG. O CASTRO - CONDES (SAN MARTIÑO)	27235	FRIOL
13, 17, 22, 28	MVMC DE FRIOL	PQ. FRIOL (SAN XIAO), Nº 7	27220	FRIOL
173, 177, 169, 170, 182	MVMC DE SAN CIBRAO DA PREGACION EXP 87/80	PQ. SAN CIBRAO DA PREGACION Nº 7	27235	FRIOL
32, 34, 33	MVMC DO MONTE Y 2 EXP 26/76	LG. AS CASAS DO MONTE	27235	FRIOL
37	NAVARRETE SANTOS ALICIA SANTOS FOLGUEIRA JOSE MANUELSANTOS PRADO MARIA ISABEL	AV. ESTRASBURG Nº72, 4º1	8207	SABADELL
23	NUÑEZ COBAS JESUS EDUARDO	LG. CASTELOS Nº8	27220	FRIOL
99, 96, 98	NUÑEZ COBAS JOSE ANGEL VISO FERNANDEZ MARIA DEL MAR	LG. CONDES Nº7	27235	FRIOL
100	NUÑEZ COBAS JOSE ANGEL	LG. CONDES Nº7	27235	FRIOL
113	NUÑEZ COBAS MARIA JOSEFA TELMO MIRANDA JOSE MANUEL	LG. CONDES Nº104	27235	FRIOL

18	NUÑEZ COBAS MARIA TERESA	CASTELO	27220	FRIOL
117, 95	NUÑEZ FLORES MARIA ANGUSTIAS	LG. VILAR MEILAN Nº28	27296	FRIOL
174	ODAMS DE ZYLVA ALAN MARTIN ODAMS DE ZYLVA JUSTIN ANTHONY	LG. FONTEDELO Nº8	27235	FRIOL
19	PAZ LORENZO JOSE MANUEL	LG. ZARRALA CAMPIÑA 84 1ºC	27192	MUXA (SAN SALVADOR)
36	PENAS BOTANA JOSE RAMON	LG. AS PARDELLAS	27220	FRIOL
65A, 60	PEREZ VAZQUEZ AUREA	SECTOR ISLAS 20, 9-A	28760	TRES CANTOS
56	PRADO BLANCO CARMEN (HEREDEROS DE)	LG. AS PARDELLAS Nº7	27235	FRIOL
9	PROMOCIONES TEIXIDO LOPEZ SL	RUA DO CONCELLO Nº56, 1ªA	27300	GUITIRIZ
61	RACAMONDE BRION JOSE MANUEL	C/ REAL Nº13	15969	RIBEIRA
11	RACAMONDE GARCIA BIENVENIDO	LG. CASAS NOITE, Nº32	27220	FRIOL
54A, 58	RAMOS BUJAN AVELINO	LG. AS PARDELLAS Nº6	27235	FRIOL
90A	REBOLO FRANCO ANGEL	LG. PARDELLAS - CONDES	27235	FRIOL
65, 64, 63, 62A	REBOLO FRANCO MARIA DEL CARMEN RAMOS SEREN ANGEL	LG. AS PARDELLAS Nº6	27235	FRIOL
90	REBOLO IGLESIAS JOSE FRANCO ADAN TERESA	LG. A TORRE Nº6	27235	FRIOL
146, 138	REBOLO RODRIGUEZ AMABLE REBOLO RODRIGUEZ MARIA CARMEN	RUA POETA DIAZ CASTRO Nº4 ESC. 3 3º	27004	LUGO
79, 85, 84	REBOLO VILELA MARIA MANUELA	LG. A TORRE Nº1	27235	FRIOL
70A	REGUEIRO MONTERO ESTHER	LG. AS PARDELLAS	27235	FRIOL
48	RIVAS ARELA ROSA ISABEL	AV. SANTIAGO Nº3	27220	FRIOL
187, 190, 189	RIERA IGLESIAS FRANCISCO	RUA SOTO FREIRE Nº7 ESC. 1, 3ºE	27002	LUGO
38	RDRIGUEZ CARBALLO IRENE ABELEDRO RODRIGUEZ JAVIER BENIGNO ABELEDRO SEREN JOSE ANTONIO	RÚA CONCELLO, Nº 6 - 3º C	27003	LUGO
133, 153, 140, 132, 144, 139	RODRIGUEZ COBAS ANGELINES	LUGAR XUL Nº6	27235	FRIOL
115	RODRIGUEZ DABLANCA ANGEL MANUEL CAMPO ZAS MARIA TERESA	LG. AS PARDELLAS	27235	FRIOL
111, 105, 104, 109	RODRIGUEZ DABLANCA ANGEL MANUEL	LG. AS PARDELLAS	27235	FRIOL
119	RODRIGUEZ LOPEZ JOSE MANUEL	AV. PALACIO VALDES Nº8	33560	RIBADESELLA
93, 80, 79A, 103	RODRIGUEZ LOPEZ MARIA	LG. FIXOS Nº1	27185	LUGO
62	RODRIGUEZ RIVAS AMPARO	LG. AS PARDELLAS Nº20	27235	FRIOL
75	RODRIGUEZ RIVAS JOSE LUIS	LG. AS PARDELLAS	27235	FRIOL
195, 18	SANCHEZ QUIROGA JOSE ANTONIO	LG. PONTE FERREIRA Nº2	27200	PALAS DE REI
116, 118	TELMO MIRANDA JOSE MANUEL	LG. CONDES Nº104	27235	FRIOL
12	VARELA CASTRO JOSE MANUEL CASTRO ARES MARIA ERUNDINA	RD. XOSE CASTIÑEIRA (MUSICO) Nº6, ESC. 4, 4ªA	27002	LUGO
57, 66	VAZQUEZ FOLGUEIRA MARIA FRANCISCA	RUA DO CAMIÑO REAL Nº12, ESC. 1 3ºE	27004	LUGO

129	VAZQUEZ GARCIA JOSE MANUEL	LG. RACAMONDE	27235	FRIOL
151	VAZQUEZ MEILAN EVANGELINA	RUA MONTE PENA RUBIA Nº14	27004	LUGO
10	VIDAL GARCIA LUIS	C/ NAZARIO ABEL Nº67, ESC. 1 2ºB	27004	LUGO
143, 163, 131, 141, 164	VIDAL MEILAN ANA ISABEL VIDAL MEILAN SONIA	RÍO EUME, Nº 18 - 1º B	27004	LUGO
192	VILARIÑO MONTEAGUDO JOSEFA VILARIÑO MONTEAGUDO RAUL	C/ PLANA Nº35 2º	8032	BARCELONA
1	VIZCAINO RIO JOSE MANUEL	LG. A PORTELA, Nº5	27226	FRIOL
112, 110	VIÑA RODRIGUEZ ANGEL	LG. CONDES	27235	FRIOL

R. 1763

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL-A BAIUCA. P.Q. 0+000 - 18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA. TREITO: 0+000 - 9+400.

Termo municipal: PALAS DE REI

Clave: LU/16/075.10.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 28 de xuño de 2021

Lugo, 10 de xuño de 2021.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LIQUIDACIÓN DA CANTIDADE DE DEPÓSITO PREVIO DOS PREDIOS EXPROPIADOS POLAS OBRAS DE "ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL-A BAIUCA, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000-18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA, TREIRO 0+000-9+400"

CLAVE LU/16/075.10.1

CONCELLO DE PALAS DE REI

LISTADO DE ENDEREZOS

PREDIO/S	TITULAR/ES	DIRECCIÓN	CP	POBOACIÓN
202	ALVITE VILLAR JOSEFA	RUA AMENEIRO Nº19, ESC. 1 1º1	27004	LUGO
204, 205, 209	LOPEZ LOPEZ ADRIAN LOPEZ LOPEZ MARTIN LOPEZ MENDEZ MARIA PAZ	AV. OURENSE Nº80 3ºDER	27200	PALAS DE REI
199, 200, 208	MVMC DE FERREIRA EXP 85/76	PQ. FERREIRA (SAN MARTIÑO)	27200	PALAS DE REI
203	PAREDES BURGOS JESUS	LG. CASTRELO Nº2 - FERREIRA	27200	PALAS DE REI
210	SANCHEZ QUIROGA HERMINIA	AV. DA CORUÑA Nº172 ESC. 1 2ºA	27003	LUGO
197, 198	SANCHEZ QUIROGA JOSE ANTONIO	LG. PONTE FERREIRA Nº2	27200	PALAS DE REI
201, 206, 207, 211, 212	VDAL VIDAL JOSE VIDAL VIDAL JESUS MANUEL	R/ ESTACA DE BARES, Nº 20 - 2º	27004	LUGO

R. 1764

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA***Anuncio***EDICTO****NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.**

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O VALADOURO	2º-semester-2020	Taxa auga, lixo, sumidoiros e canon da auga e coeficiente vertedura Xunta de Galicia
BARALLA	1º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 1 de xuño de 2021.- Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

ANUNCIO DE COBRANZARecadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunicase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 16/06/2021 e finalizará o día 16/08/2021, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O VALADOURO	2º-semester-2020	Taxa auga, lixo, sumidoiros e canon da auga e coeficiente vertedura Xunta de Galicia
BARALLA	1º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA-"La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constriximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económica administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 1 de xuño de 2021.- Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1646

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

O Sr. Alcalde, por Decreto de 1 de xuño deste ano, aprobou o Padrón provisional comprensivo dos suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de **taxa de recollida de lixo e TAXA POLO SERVICIO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) para o SEGUNDO SEMESTRE DE 2020.**

Por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago da taxa e canon indicados, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación deste edicto no BOP de Lugo, ó obxecto de que o Padrón poida ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o citado acordo polo que se inclúen os contribuíntes no Padrón así como contra a liquidación e efectividade da taxa de recollida de lixo, interporase, ante a Alcaldía, recurso de reposición no prazo dun mes a contar desde a notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación. No caso de resolución presunta o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

ANUNCIO DE COBRANZA

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 2 de xuño e o 2 de agosto de 2021, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase na conta restrinxida número **ES10 2080 0156 4031 1000 0057**, ó nome deste Concello na oficina do Corgo de Abanca.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados ós seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta indicada. As persoas que teñan domiciliado o pago non terán que preocuparse, xa que o Concello remitirá á Caixa a relación de recibos para que se ingrese o seu importe na conta municipal citada.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 da citada Lei, procedéndose á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargos do período executivo serán os previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixirase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económica-administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Corgo, 8 de xuño de 2021.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 1765

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto

Expediente número: 188/2021

Transferencia de crédito: 6/2021 - **Modificación de crédito:** 10/2021

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial Provincial da aprobación definitiva da modificación de crédito orzamentario mediante unha transferencia de crédito.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial do Concello de A Fonsagrada, adoptado en sesión ordinaria de data 11 de maio do 2021, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, que se fai público co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
450	619	ADMINISTRACIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS. OUTRAS. INV. REPOSICIÓN INFRAESTRUTURAS BENS DE USO XERAL.	17.404,10 €

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
340	22601	ADMINISTRACIÓN XERAL DE DEPORTES. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS.	3.404,10 €
340	22609	ADMINISTRACIÓN XERAL DE DEPORTES. ACTIVIDADES DEPORTIVAS.	14.000 €
TOTAL GASTOS			17.404,10 €

A Fonsagrada, 10 de xuño d3e 2021.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 1766

Anuncio

Procedemento: Transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto

Expediente número: 160/2021

Transferencia de crédito: 5/2021 - **Modificación de crédito:** 8/2021

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial Provincial da aprobación definitiva da modificación de crédito orzamentario mediante unha transferencia de crédito.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial do Concello de A Fonsagrada, adoptado en sesión ordinaria de data 11 de maio do 2021, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, que se fai público co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
450	619	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS - OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PISTA DE XESTOSO	18.585,70 €
450	131	GASTOS SALARIAIS EN PERSOAL LABORAL TEMPORAL - ADMINISTRACIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS (ARPOL 2021)	9.248,54 €

231	622	INVERSIÓN NOVA ASOCIADA AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DO RESIDENCIAL ROIS - PARTE A APORTAR POLO CONCELLO NA CONSTRUCCIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES	10.000 €
TOTAL			37.834,24 €

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
912	1000	RETRIBUCIÓNS SALARIAIS DA ALCALDÍA	4.110,16 €
912	1600	GASTOS EN MATERIA DE SEGURIDADE SOCIAL DO ÓRGANO DA ALCALDÍA	662,15 €
912	22601	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS DESTINADOS A ÓRGANOS DE GOBERNO	12.000 €
912	23000	DIETAS DESTINADAS AOS ÓRGANOS DE GOBERNO	9 500 €
912	23100	INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE LOCOMOCIÓN DESTINADOS A ÓRGANOS DE GOBERNO	2.561,93 €
920	1600	GASTOS EN MATERIA DE SEGURIDADE SOCIAL NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA CORPORACIÓN	9.000
TOTAL GASTOS			37.834,24 €

A Fonsagrada, 10 de xuño d3e 2021.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 1767

Anuncio

Procedemento: Delegación de competencias por substitución transitoria do Alcalde da Corporación

Expediente número: 258/2021

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Por motivos de axenda, e non sendo posible realizar as funcións propias da Alcaldía no que respecta á celebración do matrimonio civil no Concello de A Fonsagrada previsto para o día 19 de xuño de 2021 ás 13:30 horas, e de conformidade do disposto nos artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e conforme co previsto no artigo 63 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; procedeuse mediante resolución 2021-0285 á delegación da función da Alcaldía citada, no segundo tenente de alcalde, Don Argelio Fernández Queipo.

A Fonsagrada, 10 de xuño d3e 2021.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 1768

LÁNCARA

Anuncio

De conformidade co decreto de 8 de xuño faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais no marco do "Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Láncara para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural":

- Un xefe de brigada.
- Un peón condutor
- Tres peóns
- Tres condutores de VMB

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

Láncara, 9 de xuño de 2021.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1769

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 9 de xuño de 2021 aprobouse o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 3º BIMESTRE E DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS DO 2021.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de xullo ó 31 de agosto, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos xuros e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 10 de xuño de 2021.- O Alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 1770

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 01.06.2021, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de maio de 2021 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 300,66 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 292,51 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz.- 4 de xuño de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1771

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MAIO 2021

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 3 de xuño de 2021 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de maio de 2021, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de maio : 3391,95 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xullo de 2021 e o 01 de agosto de 2021. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 10 de xuño de 2021.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1772

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE MAIO 2021.

Por Resolución de alcaldía de nove de xuño de 2021 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 7 de xullo de 2021 ao 7 de setembro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 7 de xullo de 2021 ao 7 de setembro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a dez de xuño de dous mil vinte e un .

A Pontenova, 10 de xuño de 2021.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1773

SAMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 04/06/2021 acordou a aprobación inicial do expediente 06/2021 de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiado con cargo *ao remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo.
Samos, 10 de xuño de 2021.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 1774

O VALADOURO

Anuncio

BASES PARA O PROCESO SELECTIVO AO OBTENTO DE CUBRIR, DOUS POSTOS DE XEFES DE BRIGADA PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DO VALADOURO NO MARCO DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E O CONCELLO DE O VALADOURO DURANTE PARA O ANO 2021, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

1.- OBTENTO DAS BASES: Selección de Persoal Laboral Temporal ó abeiro do artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2.- RELACIÓN XURÍDICA: Persoal Laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado)

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO:

3.1.- DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: Xefe de Brigada

3.2.- GRUPO DE COTIZACIÓN: 3

3.3.- CATEGORÍA PROFESIONAL: Encargado de equipo

3.4.- TIPO DE XORNADA: Xornada completa (37,5 horas semanais, segundo se reflicte no convenio colectivo de condicións de traballo do persoal laboral do Concello do Valadouro). A xornada laboral desenvolverase no horario que demande o servizo e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

3.5.- RETRIBUCIÓN: O/A Aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións establecidas no convenio colectivo para a regulación das condicións de traballo do persoal laboral ó servizo do concello de O Valadouro co seguinte bruto mensual:

1.198,37 €.

4.- ADSCRICIÓN: Á brigada de prevención e defensa contra incendios forestais. A cobertura realízase con carácter excepcional por considera-la urxente e inaprazable dentro da addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Valadouro (O) para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural. O artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só o patrimonio forestal público ou privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas) senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galiza o que require o compromiso de todas as Administracións, en particular a autonómica e local e o conxunto da cidadanía. Compre pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de medio e alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais. En todo caso, cómpre lembrar que todas as entidades locais de Galicia, segundo o disposto na orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiación con FEADER.

A brigada integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano

autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fora do seu termo municipal, conforme ó previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais ao responsable da brigada. A brigada debe en todo momento colaborar e coordinarse co despregue de medios do Distrito Forestal.

A brigada asemade das labores de extinción que lle poidan ser encomendadas levará a cabo labores de prevención de incendios forestais encamiñadas a diminuír o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais no caso de producirse. Estes traballos consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou disfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos.

5.- FUNCÍONS DO POSTO DE TRABALLO:

De conformidade co PLADIGA 2021 son funcións do xefe de brigada:

Misións: En materia de prevención e defensa contra incendios forestais dentro do Distrito Forestal

- Responsabilizarse dos medios materiais postos a súa disposición.
- Será o responsable do adecuado funcionamento do persoal ao seu cargo, de acordo coas instrucións recibidas en cada momento.
- Manterá unha lista do persoal e medios ao seu cargo.
- Impartirá a instrución e o adestramento ao persoal da súa brigada para a prevención e extinción.
- Dirixirá e participará nas labores de prevención e extinción, e en todos aqueles traballos de prevención que lle sexan encomendados.
- Terá coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, rozadora,...).
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- Será o responsable das comunicacións da súa brigada co operativo e coa organización da prevención e defensa contra incendios forestais. Empregará para iso os equipos de comunicación encomendados.
- Observará e velará polo cumprimento das normas de seguridade e prevención de riscos laborais do persoal ao seu cargo.
- Vixiará o mantemento do vehículo e asegurará o seu estado de operatividade (carburante, auga, no seu caso anticongelante, presión de pneumáticos, etc.) obrigando ao/á Bombeiro/a forestal condutor/a a realizar a revisión diaria.
- Deberá conducir vehículos cando o demanden as necesidades do servizo.
- Deberá realizar un parte diario dos traballos realizados pola súa brigada.
- Deberá comunicar o CCD, ao entrar de servizo, o número de compoñentes operativos da brigada nesa data.
- Verificará que a estiba do material de extinción no vehículo é axeitada, efectuando un recuento ao rematar cada extinción e solicitando á Xefatura de Distrito a reposición do deteriorado unha vez rematada a xornada.
- Constituirase en DTE cando actúe illadamente a brigada ou o binomio Brigada - Vehículo motobomba. No caso de que actúen conxuntamente varias brigadas o CCD nomeará ao Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada que se constituirá como DTE.
- Comunicará periodicamente ao DTE, e cando lle sexa solicitado, a situación do lume no seu ámbito de actuación, así como o desenvolvemento dos traballos encomendados.
- No caso de que a brigada sexa o primeiro medio operativo en achegarse a un novo lume, comunicará coa maior brevidade posible ao Distrito Forestal ou mando intermedio correspondente, unha análise de situación do lume.
- Vixiará o estado físico e anímico do persoal ao seu cargo.
- Deberá saber ler o plano e localizar o punto de actuación.
- Facilitará mensualmente á Xefatura de Distrito ou ao CCD, a relación de todas as intervencións levadas a cabo.

- Todas aquelas outras relacionadas coa prevención, detección e extinción de incendios forestais.
- Realizará os labores silvícolas e medio ambientais encomendados.
- Será o responsable da correcta execución das tarefas asignadas polo/a DTE no saneamento e remate dos lumes por parte da súa brigada.
- Será o responsable do mantemento do punto de encontro que lle sexa asignado.
- Participará na execución de queimas controladas.
- Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. (D.O.G. Nº 213 do 3 de novembro de 2008)

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación (Anexo III), nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base novena desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia compulsada do permiso de conducir clase B.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello do Valadouro con carácter temporal por un período de 21 meses nos últimos 27 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade no devandito período.

7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

7.1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

-a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución

-a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

7.2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

7.3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

7.4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

7.5. Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

7.6. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser contratados, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 6ª.

8.- DURACIÓN DO CONTRATO: ata o final da operatividade das brigadas de incendios na campaña de 2021.

9.- REQUISITOS INDISPENSABLES.

a) Debera estar en posesión do título de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Rural ou formación profesional equivalente.

b) Permiso de conducir clase B (deberá aportarse coa solicitude de participación no proceso selectivo).

c) Deberá aportar autorización para realizar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación (Anexo I das presentes bases).

10. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

11.- SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN

11.1. FASE DE OPOSICIÓN.

11.1.1.- A fase de oposición consistirá na realización dun exame tipo test, que terá carácter obrigatorio, en que haberá que responder a un cuestionario de 50 preguntas sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo II, cunha puntuación máxima de ata 30 puntos.

11.1.2.- Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal de selección

11.1.3.- Cada pregunta formularase con tres respostas alternativas, das que solo unha será correcta. O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presenza dos/as opositores/as, os membros do Tribunal de Selección e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.

11.1.4.- Cada resposta correcta valorarase con 0,60 puntos, cada resposta incorrecta restará 0,30 puntos.

11.1.2.- Proba de Galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle comprobante á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

Os/as aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o nivel de galego esixido nas Bases específicas non terán que realizar esta proba.

11.1.3.- Adaptación de probas aos aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Aqueles aspirantes con discapacidade que se presenten á cota xeral ou a cota reservada a discapacitados poderán solicitar as adaptacións e axustes razoables e necesarios de tempo e medios para a realización das probas, debendo facelo constar na solicitude.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde 1822/2006, de 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

11.2.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirante/s.

11.2.1.- Baremo de méritos. O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) Experiencia profesional.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 10 puntos . Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo do tempo da concreta relación laboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Os servizos prestados como xefe de brigada de incendios, coordinador técnico de grumir, ou similar valoraranse a razón de 0,15 puntos por mes traballado se se prestaron nunha Administración Pública e de 0,07 puntos por mes traballado se se prestaron nunha empresa privada.

B) Formación: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.**B1) Cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións da posto/función á que se opta:**

Os cursos de formación relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios valoraranse segundo a seguinte táboa:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,035
Aproveitamento.	0,070

A puntuación máxima neste apartado será de 9 puntos.

B2) Titulacións académicas:

A puntuación máxima neste apartado será de 1 puntos.

As titulacións académicas, incluídos os master oficiais, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza valoraranse a criterio do Tribunal. Excluirase esta valoración a titulación académica que se presente ao obxecto de acreditar o requisito de titulación para participar no proceso selectivo.

12.— TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o aceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación, funcionario ou persoal laboral. Con voz e voto.

Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

En ningún caso poderán formar parte do Tribunal funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.(art. 60 TREBEP e art. 59 da Lei 2/2015, de Emprego Público de Galicia)

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

13.- RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO.

13.1.- Os aspirantes seleccionados estarán obrigados a realizar antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo (proba do banco) nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de O Valadouro.

13.2.- A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

14.- REALIZACIÓN DUN CURSO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.

14.1.- Os compoñentes da brigada virán obrigados a realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal.

14.2.- Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os seleccionados xa o recibisen en anos anteriores.

14.3.- A non realización do curso de formación suporá o cese do traballador por incumprimento desta base.

14.4.- O Curso de formación versará sobre as seguintes materias coa distribución horaria que se recomenda:

- A defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 hora.
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 hora
- Ferramentas, 1 hora.
- Extinción e liquidación, 1,5 horas.
- Condución de vehículos todoterreo, 0,5 horas
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 hora.
- Primeiros Auxilios, 2 horas.
- Traballo co vehículo motobomba 2,5 horas.
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 horas.
- EPI e comunicacións, 1 hora.
- Seguridade e saúde e Partes, 1 hora.
- Medios aéreos, embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 hora.

15.—BOLSA DE EMPREGO

Coa lista complementaria de reserva constituírse nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que a praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a esta praza).

Esta bolsa de emprego terá validez para os próximos convenios ou addendas ao convenio interadministrativo coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, e con un máximo de cinco anualidades.

16.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I. CONSENTIMENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA.

DON, con D.N.I

como parte do proceso de selección dun **XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE O VALADOURO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020 COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER)** entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non poido realizar algunha proba informarei ó administrador.

Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexía ou morte.

Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ó corrente ó administrador de tódolos meus problemas de saúde. Así mesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dor asociados cunha determinada proba ós administradores.

A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquera momento por razóns de saúde.

Igualmente autorizo ó Concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante de dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ó expediente de selección e non será revelada a ningún estraño sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

O Valadouro a de de 2021.

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO.

ANEXO II.TEMARIO.**Parte Primeira. Materias Comúns.**

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. A reforma da Constitución.

Tema 2.- As Comunidades autónomas na Constitución de 1978. Especial referencia ó Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3.- O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. Especial referencia o empadroamento.

Tema 4.- Sometemento da Administración á Lei e o Dereito. Fontes do dereito administrativo: especial referencia a lei e os regulamentos.

Tema 5.- A potestade regulamentaria na esfera local: Ordenanzas. Regulamentos e Bandos.

Tema 6.- Os contratos da Administración Local. Criterios de distinción. Competencia e requisitos para contratar coa administración.

Tema 7.- O persoal ó servizo das entidades locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

Tema 8.- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Tema 9.- A Lei 7/2012 de 28 de xuño de Montes.

Parte Segunda. Materias específicas.

Tema 10.- O incendio forestal. O fenómeno do lume. Formas e partes dun incendio

Tema 11.- A propagación do lume. Formas de transmisión do calor.

Tema 12.- Tipos de incendios.

Tema 13.- Factores que determinan o comportamento do lume (I): Os combustibles vexetais. Grado de combustibilidade.

Tema 14.- Factores que determinan o comportamento do lume (II): Os factores climatolóxicos. O vento. A humidade. A temperatura.

Tema 15.- Factores que determinan o comportamento do lume (III): A topografía do terreo. A pendente. A exposición. O relieve.

Tema 16.- A predicción do comportamento do lume. Variables a considerar.

Tema 17.- A vixiancia nos Incendios Forestais (I): Vixiancia terrestre fixa.

Tema 18.- A vixiancia nos Incendios Forestais (II): Vixiancia terrestre móbil

Tema 19.- A vixiancia nos Incendios Forestais (III): A vixiancia preventiva e as causas dos incendios.

Tema 20.- A detección dos incendios. Accións básicas. Contido da información. Transmisión da información.

Tema 21.- O equipo radio-transmisor.

Tema 22.- O combate do lume (I): Principios básicos da extinción. Fases da extinción.

Tema 23.- O combate do lume (II): Métodos de ataque directo.

Tema 24.- O combate do lume (III): Métodos de ataque indirecto.

Tema 25.- O combate do lume (IV): A liña de defensa. O Cortalumes.

Tema 26.- O combate do lume (V): O emprego da auga e retardantes químicos.

Tema 27.- O combate do lume (VI): Ferramentas para a extinción.

Tema 28.- A seguridade do persoal na extinción (I): O lume como factor de risco. Outros factores de risco.

Tema 29.- A seguridade do persoal na extinción (II): Medidas e medios para a protección persoal. Equipos de protección individual.

Tema 30.- A seguridade do persoal na extinción (III): Normas de seguridade de carácter xeral. Normas de seguridade en uso de ferramentas e medios mecánicos.

ANEXO III (modelo de instancia)

D./D.^a.....,
con DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a de.....,
con enderezo a efectos de notificación en.....
..... teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a á proba selectiva de acceso para a cobertura de dúas prazas de:

- Xefe de Brigada para o Servizo de prevención e extinción de incendios forestais.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2021
(sinatura)

O Valadouro, 10 de xuño de 2021.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1775

Anuncio

BASES PARA O PROCESO SELECTIVO AO OBEXTO DE CUBRIR, SEIS POSTOS DE PEÓN PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS , DO CADRO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DO VALADOURO NO MARCO DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E O CONCELLO DE O VALADOURO PARA O ANO 2021, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

1.- OBEXTO DA BASES ESPECÍFICAS: Selección de Persoal Laboral Temporal ao abeiro do artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2.- RELACIÓN XURÍDICA: Persoal Laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado)

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO:

3.1.- DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: Peón de incendios

3.2.- GRUPO DE COTIZACIÓN: 10

3.3.- CATEGORIA PROFESIONAL: Peón.

3.4.- TIPO DE XORNADA: Xornada completa (37,5 horas semanais, segundo se reflicte no convenio colectivo de condicións de traballo do persoal laboral do Concello do Valadouro). A xornada laboral desenvolverase no horario que demande o servizo e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

3.5.- RETRIBUCIÓN: O/A Aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións establecidas no convenio colectivo para a regulación das condicións de traballo do persoal laboral ó servizo do concello de O Valadouro co seguinte bruto mensual:

1.108,33 €.

4.- ADSCRICIÓN: Á brigada de prevención e defensa contra incendios forestais. A cobertura realízase con carácter excepcional por considera-la urxente e inaplazable dentro da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Valadouro (O) para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ANO 2021, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural. O artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só o patrimonio forestal público ou privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas) senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galiza o que require o compromiso de todas as Administracións, en particular a autonómica e local e o conxunto da cidadanía . Compre pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de medio e alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais. En todo caso, cómpre lembrar que todas as entidades locais de Galicia, segundo o disposto na orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiación con FEADER.

A brigada integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fora do seu termo municipal, conforme ó previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais ao responsable da brigada. A brigada debe en todo momento colaborar e coordinarse co despregue de medios do Distrito Forestal.

A brigada asemade das labores de extinción que lle poidan ser encomendadas levará a cabo labores de prevención de incendios forestais encamiñadas a diminuír o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais no caso de producirse. Estes traballos consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou disfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos.

5.- FUNCÍONS DO POSTO DE TRABALLO:

Segundo o PLADIGA 2021 son as seguintes (Bombeiro/a forestal do SPDCIF)

- Coñecemento básico da loita contra incendios forestais.
- Coñecemento xeral dos medios que usa a brigada.
- Coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, rozadora, tendido de mangueras, ...).
- Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Segundo as necesidades do servizo, en ausencia do/da Peón/a Conductor/a e o/a Xefe/a de Brigada e con autorización do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais poderá conducir os vehículos dedicados ao transporte das brigadas e materiais do servizo.
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- Auxiliará ao/á Conductor/a de motobomba se fora necesario.
- En todo caso obedecerá as ordes do/da Xefe/a de Brigada e da superioridade competente.
- Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Participará na execución de queimas controladas.
- Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. (D.O.G. Nº 213 do 3 de novembro de 2008)

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación (Anexo II), nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base novena desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

7.1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

7.2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

7.3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

7.4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

7.5. Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

7.6. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser contratados, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 6ª.

8.- DURACIÓN DO CONTRATO: hasta o final da operatividade das brigadas de incendios na campaña de 2021.

9.- REQUISITOS INDISPENSABLES.

- a) Estar en posesión do Certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- b) Deberá aportar autorización para realizar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación (Anexo I das presentes bases).

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello de O Valadouro con carácter temporal por un período de 21 meses nos últimos 27 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade no devandito período.

10. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 2.

11.- SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN

11.1. FASE DE OPOSICIÓN.

Valorarase cun máximo de 30 puntos.

Constará das seguintes probas:

11.1.1.- Proba práctica.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal de selección.

Consistirá na realización dunha proba de aptitude profesional encamiñada a demostrar a capacidade da persoa para a realización das funcións do posto de traballo enumeradas na Base 5 e na que se valorará a calidade e rapidez na execución das tarefas e manexo de maquinaria e apeiros así como das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, desbrozadora, tendido de mangueras, etc).

Esta proba é obrigatoria cualificándose ata un máximo de 30 puntos.

11.1.2.- Proba de Galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

Os/as aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o nivel de galego esixido nas Bases específicas non terán que realizar esta proba.

11.1.3.- Adaptación de probas aos aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Aqueles aspirantes con discapacidade que se presenten á cota xeral ou a cota reservada a discapacitados poderán solicitar as adaptacións e axustes razoables e necesarios de tempo e medios para a realización das probas, debendo facelo constar na solicitude.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde 1822/2006, de 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

11.2.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirante/s.

11.2.1.- Baremo de méritos. O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) Experiencia profesional.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 10 puntos . Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo do tempo da concreta relación laboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Os servizos prestados como peón de brigada de incendios, ou similar valoraranse a razón de 0,15 puntos por mes traballado se se prestaron nunha Administración Pública e de 0,07 puntos por mes traballado se se prestaron nunha empresa privada.

B) Formación: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.**B1) Cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións da posto/función á que se opta:**

Os cursos de formación relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios valoraranse segundo a seguinte táboa:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,035
Aproveitamento.	0,070

A puntuación máxima neste apartado será de 9 puntos.

B2) Titulacións académicas:

A puntuación máxima neste apartado será de 1 puntos.

As titulacións académicas, incluídos os master oficiais, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza valoraranse a criterio do Tribunal. Excluirase esta valoración a titulación académica que se presente ao obxecto de acreditar o requisito de titulación para participar no proceso selectivo.

12.— TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde - Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación, funcionario ou persoal laboral. Con voz e voto.

Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

En ningún caso poderán formar parte do Tribunal funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

13.- RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO.

13.1.- Os aspirantes seleccionados estarán obrigados a realizar antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo (proba do banco) nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de O Valadouro.

13.2.- A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

14.- REALIZACIÓN DUN CURSO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.

14.1.- Os compoñentes da brigada virán obrigados a realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal.

14.2.- Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os seleccionados xa o recibisen en anos anteriores.

14.3.- A non realización do curso de formación suporá o cese do traballador por incumprimento desta base.

14.4.- O Curso de formación versará sobre as seguintes materias coa distribución horaria que se recomenda:

· A defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 hora.

- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 hora
- Ferramentas, 1 hora.
- Extinción e liquidación, 1,5 horas.
- Condución de vehículos todoterreo, 0,5 horas
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 hora.
- Primeiros Auxilios, 2 horas.
- Traballo co vehículo motobomba 2,5 horas.
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 horas.
- EPI e comunicacións, 1 hora.
- Seguridade e saúde e Partes, 1 hora.
- Medios aéreos, embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 hora.

15.—BOLSA DE EMPREGO

Coa lista complementaria de reserva constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que a praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a esta praza).

Esta bolsa de emprego terá validez para os próximos convenios ou addendas ao convenio interadministrativo coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, e con un máximo de cinco anualidades.

16.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I. CONSENTIMENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA.

DON, con D.N.I,

como parte do proceso de selección de dous **PEÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE O VALADOURO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020 COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER)** entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non poido realizar algunha proba informarei ó administrador.

Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexía ou morte.

Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ó corrente ó administrador de tódolos meus problemas de saúde. Así mesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dor asociados cunha determinada proba ós administradores.

A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquera momento por razóns de saúde.

Igualmente autorizo ó Concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante de dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ó expediente de selección e non será revelada a ningún estraño sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

O Valadouro, a de de 2021.

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO.

ANEXO II (modelo de instancia)

D./D.^a.....,
con DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a de.....,
con enderezo a efectos de notificación en.....
..... teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a á proba selectiva de acceso para a cobertura de seis prazas de

Peón para o Servizo de prevención e extinción de incendios forestais.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a devandita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2021

(sinatura)

O Valadouro, 10 de xuño de 2021.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1776

Anuncio

BASES PARA O PROCESO SELECTIVO AO OBXECTO DE CUBRIR, DOUS POSTOS DE PEÓN CONDUTOR PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS , DO CADRO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DO VALADOURO NO MARCO DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E O CONCELLO DE O VALADOURO PARA O ANO 2021, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

1.- OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS: Selección de Persoal Laboral Temporal ao abeiro do artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2.- RELACIÓN XURÍDICA: Persoal Laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado)

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO:

3.1.- DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: Peón-Condutor

3.2.- GRUPO DE COTIZACIÓN: 10

3.3.- CATEGORIA PROFESIONAL: Peón.

3.4.- TIPO DE XORNADA: Xornada completa (37,5 horas semanais, segundo se reflicte no convenio colectivo de condicións de traballo do persoal laboral do Concello do Valadouro). A xornada laboral desenvolverase no horario que demande o servizo e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

3.5.- RETRIBUCIÓNS: O/A Aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións establecidas no convenio colectivo para a regulación das condicións de traballo do persoal laboral ó servizo do concello de O Valadouro co seguinte bruto mensual:

1.108,33 €.

4.- ADSCRICIÓN: Á brigada de prevención e defensa contra incendios forestais. A cobertura realízase con carácter excepcional por considera-la urxente e inaplazable dentro da Addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Valadouro (O) para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2021 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural. O artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só o patrimonio forestal público ou privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas) senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galiza o que require o compromiso de todas as Administracións, en particular a autonómica e local e o conxunto da cidadanía . Compre pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de medio e alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais. En todo caso, cómpre lembrar que todas as entidades locais de Galicia, segundo o disposto na orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiación con FEADER.

A brigada integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se situe a entidade local, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fora do seu termo municipal, conforme ó previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais ao responsable da brigada. A brigada debe en todo momento colaborar e coordinarse co despregue de medios do Distrito Forestal.

A brigada asemade das labores de extinción que lle poidan ser encomendadas levará a cabo labores de prevención de incendios forestais encamiñadas a diminuír o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais no caso de producirse. Estes traballos consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou disfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización dos traballos.

5.- FUNCIONES DO POSTO DE TRABAJO:

Segundo o PLADIGA 2021 son as seguintes: (Bombeiro/a forestal condutor/a do SPDCIF)

- Coñecemento básico da loita contra incendios forestais.
- Coñecemento xeral dos medios que usa a brigada.
- Coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, rozadora, tendido de mangueras ...).
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- En todo caso obedecerá as ordes do/da Xefe/a de Brigada.
- Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Conducirá os vehículos dedicados ao transporte das brigadas e materiais do servizo.
- Dirixirá e participará no tendido de manguera na ausencia do/da Xefe/a de Brigada.
- Manexará o portátil.
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- Participará na execución de queimas controladas.
- Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. (D.O.G. Nº 213 do 3 de novembro de 2008).

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación (Anexo II), nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base novena desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia compulsada do permiso de conducir clase B.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

7.1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

7.2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

7.3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

7.4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

7.5. Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

7.6. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser contratados, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 6ª.

8.- DURACIÓN DO CONTRATO: ata o final da operatividade das brigadas de incendios na campaña de 2021.

9.- REQUISITOS INDISPENSABLES.

- a) Estar en posesión do certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- b) Permiso de conducir clase B (deberá aportarse coa solicitude de participación no proceso selectivo).
- c) Deberá aportar autorización para realizar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación (Anexo I das presentes bases).

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello de O Valadouro con carácter temporal por un período de 21 meses nos últimos 27 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade en dito período.

10. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 2.

11.- SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN

11.1. FASE DE OPOSICIÓN.

Valorarase cun máximo de 30 puntos.

Constará das seguintes probas:

11.1.1.- Proba práctica.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal de selección.

Consistirá na realización dunha proba de aptitude profesional encamiñada a demostrar a capacidade da persoa para a realización das funcións do posto de traballo enumeradas na Base 5 e na que se valorará a calidade e rapidez na execución das tarefas e manexo de maquinaria e apeiros así como das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, desbrozadora, tendido de mangueras, etc).

Esta proba é obrigatoria cualificándose ata un máximo de 30 puntos.

11.1.2.- Proba de Galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

Os/as aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o nivel de galego esixido nas Bases específicas non terán que realizar esta proba.

11.1.3.- Adaptación de probas aos aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Aqueles aspirantes con discapacidade que se presenten á cota xeral ou a cota reservada a discapacitados poderán solicitar as adaptacións e axustes razoables e necesarios de tempo e medios para a realización das probas, debendo facelo constar na solicitude.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde 1822/2006, de 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

11.2.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirante/s.

11.2.1.- Baremo de méritos. O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) Experiencia profesional.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 10 puntos . Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo do tempo da concreta relación laboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Os servizos prestados como peón condutor de brigada de incendios ou similar valoraranse a razón de 0,15 puntos por mes traballado se se prestaron nunha Administración Pública e de 0,07 puntos por mes traballado se se prestaron nunha empresa privada.

B) Formación: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

B1) Cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións da posto/función á que se opta:

Os cursos de formación relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios valoraranse segundo a seguinte táboa:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,035
Aproveitamento.	0,070

A puntuación máxima neste apartado será de 9 puntos.

B2) Titulacións académicas:

A puntuación máxima neste apartado será de 1 puntos.

As titulacións académicas, incluídos os master oficiais, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza valoraranse a criterio do Tribunal. Excluírase esta valoración a titulación académica que se presente ao obxecto de acreditar o requisito de titulación para participar no proceso selectivo.

12.— TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde - Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación, funcionario ou persoal laboral. Con voz e voto.

Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

En ningún caso poderán formar parte do Tribunal funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

13.- RECOÑECIMIENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO.

13.1.- Os aspirantes seleccionados estarán obrigados a realizar antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo (proba do banco) nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de O Valadouro.

13.2.- A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

14.- REALIZACIÓN DUN CURSO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.

14.1.- Os compoñentes da brigada virán obrigados a realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal.

14.2.- Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os seleccionados xa o recibisen en anos anteriores.

14.3.- A non realización do curso de formación suporá o cese do traballador por incumprimento desta base.

14.4.- O Curso de formación versará sobre as seguintes materias coa distribución horaria que se recomenda:

- A defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 hora.
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 hora
- Ferramentas, 1 hora.
- Extinción e liquidación, 1,5 horas.
- Condución de vehículos todoterreo, 0,5 horas
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 hora.
- Primeiros Auxilios, 2 horas.
- Traballo co vehículo motobomba 2,5 horas.
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 horas.
- EPI e comunicacións, 1 hora.
- Seguridade e saúde e Partes, 1 hora.
- Medios aéreos, embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 hora.

15.—BOLSA DE EMPREGO

Coa lista complementaria de reserva constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que a praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a esta praza).

Esta bolsa de emprego terá validez para os próximos convenios ou addendas ao convenio interadministrativo coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, e con un máximo de cinco anualidades.

16.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I. CONSENTIMENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA.

DON, con D.N.I,

como parte do proceso de selección de dous **PEÓNS CONDUTORES DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE O VALADOURO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020 COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER)** entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non poido realizar algunha proba informarei ó administrador.

Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexía ou morte.

Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ó corrente ó administrador de tódolos meus problemas de saúde. Asimesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dor asociados cunha determinada proba ós administradores.

A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquer momento por razóns de saúde.

Igualmente autorizo ó Concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante de dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ó expediente de selección e non será revelada a ningún extrano sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

O Valadouro a de de 2021.

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO.

ANEXO II (modelo de instancia)

D./D.^a.....,
con DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a de.....,
con enderezo a efectos de notificación en.....
..... teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a á proba selectiva de acceso para a cobertura de dúas prazas de

Peón condutor para o Servizo de prevención e extinción de incendios forestais.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2021

(sinatura)

O Valadouro, 10 de xuño de 2021.- O Alcalde, Edmundo maseda Maseda.

R. 1777

VILALBA

APROBACIÓN PREZO PÚBLICO INSCRICIÓNS VILAESCOLAS VERÁN 2021

A Xunta de Goberno Local, en sesión pública celebrada o día 2 de xuño do 2021, adoptou o seguinte acordo:

Visto o artigo 127 así como os artigos 41 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), propónse o establecemento do prezo público da inscrición por alumno e actividade nas Vilaescolas de Verán 2021.

Visto o artigo 44 do TRLRHL respecto ao importe do prezo público, que deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada, e visto que concorren circunstancias de interese público, neste caso, a promoción da saúde entre a veciñanza, a ocupación do tempo de lecer de xeito activo e a conciliación familiar e laboral a través do deporte, ao que hai que engadir a consideración do deporte de interese público na nosa Comunidade Autónoma, según o artigo 2.2. da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, son consignadas no orzamento as dotacións económicas necesarias para dar cobertura á diferenza resultante.

Visto o artigo 47.1 do TRLRHL, e visto que a competencia para a aprobación do prezo público corresponde a Xunta de Goberno Local, por delegación acordada polo Concello Pleno, en sesión celebrada o 4 de xullo de 2019.

Visto o expediente, e en virtude da competencia que lle foi delegada, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o prezo público da inscrición por alumno e actividade nas Vilaescolas de Verán 2021, segundo o acordo regulador que se xunta como anexo ao presente acordo.

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a Comisión Informativa de asuntos do Pleno na Primeira que se celebre.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

ANEXO

PREZO PÚBLICO INSCRICIÓNS VILAESCOLAS DE VERÁN

Art. 1.- OBXECTO

De conformidade co previsto no artigos 127 así como nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público da inscrición por alumno e actividade nas Vilaescolas de Verán 2021.

Art.2.- FUNDAMENTO E NATUREZA

O prezo público é unha prestación patrimonial de carácter público, que se satisfai por servizos ou actividades prestadas pola Administración cando non concorran ningunha das circunstancias previstas no artigo 20.1 da citada disposición normativa, relativas ás taxas.

Art.3.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do mesmo, as persoas que se inscriban e participen nas actividades reguladas no presente acordo.

Art. 4.- CONTÍA

As tarifas serán as seguintes:

	Deporte	Prazas	Prezo
	Extensivas		
1	Kaiak	40	30,00 €
2	Running	48	30,00 €
3	Tenis	24	30,00 €
4	Patinaxe	60	30,00 €

5	Taichi-loga	36	30,00 €
6	Breakdance	16	30,00 €
7	Parkour	16	30,00 €
8	Loita	36	30,00 €
9	Pilates	36	30,00 €
10	A.F. Rural	80	30,00 €
	Intensivas		
11	Drons	20	20,00 €
12	Escalada	40	20,00 €
	Puntuais		
13	Rutas BTT	90	3,00 €
14	1ºs auxilios	60	3,00 €

Art.5.- XESTIÓN E COBRANZA

1. A obrigación de pagar o prezo público nace desde que se inicia a actividade, aínda que se establece o anticipo total do prezo, mediante domiciliación bancaria, procedendo a devolución do importe correspondente cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se desenvolva.

O impago da tarifa determina a perda do dereito a realizar a actividade.

2. Conforme o establecido no artigo 46 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Art.6- No que non figura no presente acordo, estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vilalba, 7 de xuño de 2021.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1778